



Guía Docente

Datos Identificativos					2021/22
Asignatura (*)	Introdución ao Dereito	Código	662G01003d		
Titulación	Grao en Turismo (a distancia)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Non presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Dereito PrivadoDereito Público				
Coordinación	Blanco Moa, José Antonio	Correo electrónico	jose.antonio.blanco.moa@udc.es		
Profesorado	Blanco Moa, José Antonio	Correo electrónico	jose.antonio.blanco.moa@udc.es		
Web					
Descrición xeral	O obxectivo da materia é comprender a noción de dereito e os principais fundamentos xurídicos do turismo.				
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Impartiranse os mesmos contidos previstos 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Esencialmente a metodoloxía será o máis similar posible, pero a través de outros medios *Metodoloxías docentes que se modifican -Sesión maxistral: Pasa a ser pola aplicación Teams, mantendo o seu horario habitual -Estudo de casos: En lugar de facerse de xeito presencial na aula os/as alumnos/as débenos facer pola súa conta e remitirlos ao profesor, que llos devolverá corrixidos de xeito individualizado -Proba obxectiva: Tratará de realizarse presencialmente mantendo a distancia de seguridade. De non ser posible pola situación do momento, realizarase de xeito telemático a través de Moodle e/ou Teams -Análise de fontes documentais: Desenvolverase polo/a alumno/a pola súa conta sendo apoiada de xeito telemático (correo electrónico e Teams) polo profesor. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado -Teams. Entre dúas e tres veces por semana. Dúas para sesións teóricas para todo o grupo e unha terceira (ou máis de ser preciso) para grupos máis reducidos, segundo as súas necesidades -Moodle. Utilizarase entre dúas e tres veces á semana, esencialmente para subir documentación que se utilizará na asignatura. -Correo electrónico. Utilizarase diariamente. A través do mesmo resolveranse dúbidas dos alumnos/as e tamén se procederá á entrega e corrección de prácticas. 4. Modificacións na avaliación: Práctica: 60% Teoría: 40% (a través dunha proba) *Observacións de avaliación: Para o alumnado que non segue a avaliación continua desde o inicio do curso, estará obrigado a entregar todas as tarefas requiridas ao longo do curso nas datas que se indiquen, antes da data de peche da acta de xuño. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A5	Converter un problema empírico nun obxecto de investigación e elaborar conclusións.
A6	Ter unha marcada orientación de servizo ao cliente.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A14	Comprender o marco legal que regula as actividades turísticas.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Coñecemento das principais institucións xurídicas no ámbito do Dereito do turismo	A14	B1 B4 B6
Capacidade para a localización e manexo básico de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais)	A5	B1 B3	C3 C6 C8
Aplicación dun pensamento crítico, lóxico e creativo	A5 A14	B1 B3 B4	C4 C6
Traballo de forma autónoma con iniciativa e de forma colaborativa	A6 A13	B3 B5 B7	C1 C2 C4
Resolución de problemas básicos no ámbito do Dereito do turismo	A5 A6 A14	B1 B3 B4 B6	C5
Familiaridade no manexo de memorias, contratos e outros documentos xurídicos	A5 A6 A13	B1 B2 B6 B7	C4

Contidos	
Temas	Subtemas
PARTE XERAL	
LECCIÓN 1ª.- NOCIÓNS INTRODUCTORIAS	1. O ordenamento xurídico e as súas ramas: Dereito Público e Dereito Privado. O sector turístico como obxecto do Dereito. 2. As fontes do Dereito. Marco normativo do turismo. 3. A norma xurídica: concepto, efectos e término de vixencia.
LECCIÓN 2ª.- A PERSOA	1. Concepto e clases. 2. A capacidade das persoas: capacidade xurídica e capacidade de obrar. 3. A persoa xurídica. Concepto e clases. 4. A representación. 5. O empresario turístico. Dereitos e obrigas 6. Os usuarios de servizos turísticos. Dereitos e obrigas



LECCIÓN 3ª.- A OBRIGA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Concepto e caracteres. 2. Clases. 3. O pago ou cumprimento. 4. O incumprimento. 5. Extinción.
LECCIÓN 4ª.- O CONTRATO EN XERAL	<ol style="list-style-type: none"> 1. Concepto e clasificación dos contratos. 2. Requisitos do contrato: A) O consentimento. B) O obxecto. C) A causa. 3. Formación e perfección do contrato. 4. Eficacia e dinámica do contrato. 5. Ineficacia e invalidez dos contratos. 6. Incumprimento do contrato e responsabilidade contractual. 7. Contratación pública
II. PARTE ESPECIAL	
LECCIÓN 5ª.- O CONTRATO DE ALOXAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aloxamento en establecementos turísticos hoteleiros e extrahoteleiros e o contrato de reserva de prazas de aloxamento en réxime de continxente. 2. Aloxamento en establecementos turísticos de aproveitamento por turno. 3. O contrato de hospedaxe. 4. O contrato de xestión hotelera.
LECCIÓN 6ª.- O CONTRATO DE TRANSPORTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Concepto e clases. Especial atención ao contrato de chárter. 2. O transporte de pasaxeiros: A) Concepto e normativa aplicable. B) Formalización e contido do contrato. C) Supostos de incumprimento e réxime de responsabilidade. 3. Os cruceiros turísticos. 4. O arrendamento de vehículos.
LECCIÓN 7ª.- O CONTRATO DE VIAXE COMBINADA E OS SEGUROS TURÍSTICOS	<ol style="list-style-type: none"> 1. O contrato de viaxe combinada: A) A intermediación e as empresas turísticas de intermediación. B) Concepto e regulación. C) Elementos do contrato, contido e modificación dos elementos do contrato. D) Extinción do contrato. E) Incumprimento e responsabilidade. 2. Os seguros turísticos: A) Concepto e clases. B) Elementos do contrato. C) Contido. D) Seguro de asistencia en viaxe e seguro de equipaxe.
LECCIÓN 8ª.- RESTAURACIÓN E INFORMACIÓN TURÍSTICAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Restauración turística: A) Concepto. B) O contrato de hostalería. C) O contrato de catering. 2. Información turística: guías de turismo.
LECCIÓN 9ª.- A DISCIPLINA TURÍSTICA: INSPECCIÓN TURÍSTICA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ámbito de actuación 2. Funcións da inspección turística 3. Facultades da inspección turística 4. Deberes para coa inspección turística 5. Deberes dos inspectores 6. Actas de inspección e de infracción
LECCIÓN 10ª.- A DISCIPLINA TURÍSTICA: RÉXIME SANCIONADOR	<ol style="list-style-type: none"> 1. A actividade sancionadora no ámbito do turismo. 2. Infraccións 3. Sancións. 4. O procedemento sancionador.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Estudo de casos	A5 A6 A13 A14 B1 B3 B4 B5 B7 C1 C3 C6 C8	2	36	38
Análise de fontes documentais	A5 A14 B1 B3 B4 B6 B7 C3 C4 C6 C8	1	10	11
Sesión maxistral	A14 A6 A13 B1 B4 B3 B5 B7 C4 C7 C1 C2 C3 C5	21	48	69
Proba obxectiva	B2 B3 B4 C7	2	20	22
Atención personalizada		10	0	10

***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado**

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Trátase de que os alumnos apliquen os coñecementos teóricos mediante o estudo e resolución de casos que xa foron resolto polos Tribunais ou que ben son susceptibles de plantearse na práctica xurídica.
Análise de fontes documentais	Consistirá no manexo de textos legais, xurisprudencias e doutrinais para a súa comprensión a fin de que os alumnos poidan desenvolver esta competencia no seu futuro profesional.
Sesión maxistral	Consistirá na exposición por parte do profesor dos aspectos fundamentais dos temas que conforman o programa da asignatura.
Proba obxectiva	Os alumnos deberán examinarse dos contidos que conforman a materia do curso. Con independencia da modalidade de exame que se poña en práctica o alumno deberá responder ás preguntas teóricas e prácticas que se lle formulen.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Análise de fontes documentais	Ademáis das indicacións de carácter xeral, os alumnos recibirán de maneira individualizada ou por grupos de traballo as orientacións que sexan precisas para o correcto desenvolvemento dos seus traballos.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	B2 B3 B4 C7	Oa alumnos deberán responder ás preguntas teóricas e prácticas que se lle formulen.	60
Estudo de casos	A5 A6 A13 A14 B1 B3 B4 B5 B7 C1 C3 C6 C8	Os alumnos deberán analizar e resolver supostos de feito susceptibles de plantearse na práctica profesional.	20
Análise de fontes documentais	A5 A14 B1 B3 B4 B6 B7 C3 C4 C6 C8	Os alumnos deberán localizar e manexar textos legais, xurisprudencias e doutrinais para a súa comprensión.	20

Observacións avaliación
<p>Para superar a materia é imprescindible acadar un 4 na proba obxectiva.</p> <p>Os/as alumnos/as con dispensa de asistencia académica deberán poñerse en contacto co profesor para coñecer que traballos deberán entregar ao final do curso.</p> <p>En xullo, o examen será o 100% da nota final. Do mesmo xeito sucederá para os alumnos que soliciten convocatoria anticipada.</p> <p>Considerarase coma non presentado só a aquelas persoas que non acudan ao exame final da asignatura.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Fernández Rodríguez, Carmen (). Derecho administrativo del turismo. Marcial Pons- Dir. Enrique Ortega Burgos, M^a Teresa Echevarría de Rada; Coord. M^a Medina Alcoz, M^a Rosa Tapia (). Manual de derecho privado del turismo. Tirant lo Blanch- GARCÍA MACHO, R. y RECALDE CASTELLS (). Lecciones de Derecho del Turismo. Valencia / Tirant lo Blanch- BARBA DE VEGA, J. y CALZADA CONDE, M.^a A. (). Introducción al Derecho Privado del Turismo. Cizur Menor / Thomson - Aranzadi- AURIOLES MARTÍN, A (). Introducción al Derecho turístico. Madrid / Tecnos <p>É importante o uso das fontes normativas directas, consultando as leis no BOE.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías